

# **\*Becada e \*becacina: dous castelanismos que non deberían incorporarse á lingua galega**

Silverio Cerradelo Gómez

scerradelo@yahoo.es

Recibido o 21/11/2010. Aceptado o 22/03/2011

**\*Becada and \*becacina: two Castilianisms that should not be borrowed into Galician**

## **Resumo**

O obxecto deste artigo é documentar o proceso de adopción das denominacións ornitolóxicas castelás *\*becada* e *\*becacina* na lingua galega, así como argumentar en contra da súa incorporación e en favor da revitalización dos nomes propiamente galegos destas aves. Pártese da descrición das catro especies de aves limícolas que se designan con estes nomes (*\*becacina* é máis xenérico e aplícase a *Gallinago gallinago*, *Gallinago media* e *Lymnocyptes minimus*, todas tres semellantes; *\*becada* é máis específico, aplícase a *Scolopax rusticola*) e fálase das denominacións castelás e das denominacións propiamente galegas para estes paxaros, comentando a súa etimoloxía e motivación semántica. A seguir faise un percorrido diacrónico por publicacións ornitolóxicas especializadas e por diferentes traballos lexicográficos galegos, de tal modo que é pösíbel datar a incorporación do nome castelán *\*becacina* como galego a partir da década dos anos 70 do século pasado e *\*becada* moito máis recentemente, a partir da década dos anos 90. Descríbese e explícase despois o proceso de incorporación, argumentando en prol da consideración dos dous termos como claros castelanismos.

## **Palabras chave**

Castelanismo, becada, becacina, arcea, narcexa, arceolo, aguaneta, agacha, Gallinago, Scolopax

## **Sumario**

1. Descrición das especies 2. Denominacións para estas aves: un sistema eficaz de nomenclatura popular 3. Etimoloxía e motivación semántica dos nomes galegos e casteláns 4. O proceso de incorporación de *\*becacina* e *\*becada* á lingua galega 5. Conclusión.

## **Abstract**

The aim of this paper is to document the process of borrowing the Castilian bird names *\*becada* and *\*becacina* into Galician, arguing against their adoption and in favor of restoring the genuine Galician names for these birds. The paper starts with a description of the four species of wading birds to which these names are applied: *\*becacina*, more generic, may designate *Gallinago gallinago*, *Gallinago media* or *Lymnocyptes minimus*, all of which are quite similar; *\*becada*, a more specific term, is applied to *Scolopax rusticola*. The paper goes on to discuss Castilian names and genuine Galician ones for these bird species, remarking on their etymology and semantic motivation. A chronological review of specialized ornithological publications and Galician lexicographical works leads to the conclusion that adoption of the Castilian designation *\*becacina* in Galician may be dated to the 1970s; *\*becada* appears only more recently, in the 1990s. The incorporation process is described and explained, and it is argued that both terms are clearly Castilianisms.

## **Keywords**

Castilianism, becada, becacina, arcea, narcexa, arceolo, aguaneta, agacha, Gallinago, Scolopax

## **Contents**

1. Description of the species. 2. Names of the birds: a popular, practical nomenclature. 3. Etymology and semantic motivation for the Galician and Castilian names. 4. The process of borrowing *\*becacina* and *\*becada* into Galician. 5. Conclusion.

## 1. DESCRICIÓN DAS ESPECIES

Para o obxecto deste artigo é importante salientarmos brevemente algunha característica das aves a que fan referencia *becada* e *becacina*, que nos han servir para comprendermos mellor despois todo o que imos expor a respecto das súas denominacións.

En primeiro lugar, aínda que fagamos referencia a dous nomes, na realidade estamos a falar de catro especies diferentes que se poden atopar na nosa xeografía:

— Por un lado unha especie, *Scolopax rusticola*, que en castelán recibe —entre outros— o nome específico de *becada*.

— Por outro lado tres especies, *Gallinago gallinago*, *Gallinago media* e *Lymnocyptes minimus*, que en castelán reciben —entre outros— o nome xenérico de *becacinas*.

Todas catro exhiben un rechamante bico longo e teñen tamén as patas algo longas. Polo seu aspecto, axiña as asociaríamos ás aves limícolas, isto é, as que andan no lodo a procurar o alimento. Aparentemente as catro son moi semellantes, no entanto hai dúas características que as separan do modo que acabamos de indicar máis arriba e que condicionan, como imos ver, un sistema de nomenclatura popular que se desenvolveu de maneira similar en varias linguas:

1.-*Scolopax rusticola* presenta unha característica extraordinaria: é unha limícola de bosque, podémola enxergar nun souto ou nunha carballeira a voar por entre as árbores. Porén, *Gallinago gallinago*, *Gallinago media* e *Lymnocyptes minimus* viven en zonas húmidas para nada boscosas: brañas, lameiros, xunqueiras ou terreos ermos á beira dun río ou dunha poza.

2.-Para alén da diferenza relativa ao hábitat, *Scolopax rusticola* (a *becada* castelá) é grande e repoluda, ten o bico tamén algo máis grosso, en tanto que as outras tres (as *becacinas* castelás) son relativamente máis pequenas, teñen o bico máis fino e dan a impresión de seren máis delgadas que *Scolopax rusticola*. É dicir: unha *becacina* (calquera das tres especies) sería como unha *becada* máis miúda e magra.

## 2. DENOMINACIÓNS PARA ESTAS ESPECIES: UN SISTEMA EFICAZ DE NOMENCLATURA POPULAR

Nas dúas táboas seguintes recóllense os nomes que con máis claridade e máis frecuencia designan estas especies na lingua castelá e na lingua galega, agrupados en dúas columnas: a da esquerda para *Scolopax rusticola* e a da dereita para as outras tres especies, seguíndomos a mesma división que acabamos de apuntar na alínea 1.

NOMES CASTELÁNS (entre outros)	
Para <i>Scolopax rusticola</i> :	Para <i>Gallinago gallinago</i> <i>Gallinago media</i> e <i>Lymnocyptes minimus</i> :
becada chocha chocha perdiz gallineta picarúa (picaruda)	becacina agachadiza agachadiza común ( <i>G. gallinago</i> ) agachadiza real ( <i>G. media</i> ) agachadiza chica ( <i>L. minimus</i> ) agachona rayuelo

NOMES GALEGOS (entre outros)	
Para <i>Scolopax rusticola</i> :	Para <i>Gallinago gallinago</i> <i>Gallinago media</i> e <i>Lymnocyptes minimus</i> :
*becada arcea cea galiñola pitarola pita das poulas torda	*becacina *becacina común ou cabra ( <i>G. gallinago</i> ) *becacina real ( <i>G. media</i> ) *becacina pequena ou xorda ( <i>L. minimus</i> ) narcexa arceúcha arceolo arciocho agacho agacha aguaneta agoneta brañenta cabra do aire cabra louca paxaro cabra paxaro berrón

Táboas 1 e 2. Nomes galegos e casteláns para estas especies

Os nomes galegos recóllense nas fontes bibliográficas referenciadas ao final —e que iremos comentando nas próximas alíneas—, agás a denominación *pita das poulas* para *Scolopax rusticola*, que foi rexistrada polo autor deste artigo nas terras da Limia. A división ás veces non resulta tan clara nalgunha fonte en concreto (nalgunha, *narcexa* tamén se apunta para *Scolopax rusticola*, ou, por exemplo, outros nomes que non se incluíron na táboa, como *arceote*, recóllense tanto para *Scolopax rusticola* como para o grupo das *Gallinago* e *Lymnocyptes*), mais en liñas xerais é doado establecermos a distinción e a asignación que se presenta na táboa para os nomes galegos.

Como ben se pode ver, entre os nomes galegos tamén aparecen —aínda que marcados con asterisco e en letra cursiva— os dous cuestionados neste artigo, *\*becada* e *\*becacina*, pois hoxe en día son considerados termos propiamente galegos nalgúns dicionarios. Na alínea 4 comentaremos máis polo miúdo que esta consideración vacila bastante, ao punto de que podemos achar fontes lexicográficas galegas modernas que recollen *becada* e non recollen *becacina*; fontes que, polo contrario, recollen *becacina* e condenan *\*becada*; fontes que recollen ambas as dúas como galegas; e fontes, por último, que non recollen ningunha das dúas. Para alén diso, nalgunha publicación apúntase *chocha perdiz* como nome galego para *Scolopax rusticola* e *agachadiza* para *Gallinago gallinago*, que probabelmente son tamén castelanismos. Con todo, para o obxecto deste artigo pareceunos que era mellor non os recoller na táboa 2 e concentrarnos nas dúas denominacións marcadas, que son as que máis están sendo adoptadas como galegas.

Os nomes portugueses para estas aves —que non incluímos en ningunha táboa— son até certo punto paralelos aos galegos: *galinhola*, *bicuda* ou *gamarra* para *Scolopax rusticola*, e *narceja*, *arregacha*, *cabra-do-monte* ou *berra* para *Gallinago gallinago*, tal como se recolle no *Dicionário da língua portuguesa* da Porto Editora. Pode resultar xa suxestivo que non existe en portugués nin a denominación *\*becada* nin a denominación *\*becacina* para designar estas especies.

No ámbito da ornitoloxía especializada, emprégase *galinhola* para *S. rusticola*, *narceja-comum* para *G. gallinago*, *narceja-grande* para *G. media* e *narceja-galega* para *L. minimus*, como se indica na *Lista sistemática das aves de Portugal Continental*.

Se reparamos por un momento nos nomes casteláns, decatámonos de que *becada* e *becacina* son moi parecidos e porén están en columnas diferentes. Na lingua castelá, estes dous nomes forman un sistema de nomenclatura, é dicir, estes dous nomes van xuntos, a existencia dun nome vai asociada á existencia do outro. Este sistema é moi coñecido e divulgado na actividade cinexética. Para os cazadores foi fácil asociar o nome *becada* ao paxaro máis grande e robusto (*Scolopax rusticola*), e o nome co sufixo diminutivo, *becacina*, ao(s) outro(s) paxaro(s) parecido(s) mais comparativamente máis pequeno(s) e fino(s), e que ademais vive(n) noutro hábitat ben diferente (as dúas características que apuntabamos na alínea 1). A semellanza e diferenza entre as especies correspóndese coa semellanza e diferenza entre os nomes, de maneira que estes non se confunden, ao contrario: así lémbrense moito mellor.

Este sistema de nomenclatura, mnemotecnicamente eficaz, que emprega dous nomes moi semellantes para designar estas especies tamén semellantes mais ben ás claras diferentes para a cultura popular, orixinouse tamén noutras linguas dun modo similar. Así en italiano emprégase, entre outros, *beccaccia* para a especie grande que vive no bosque (*S. rusticola*) e *beccacino* para *G. gallinago*; en catalán, *becada* para a especie grande e repoluda e *becadell* para as outras especies etc. Como vemos, para a denominación das especies pequenas utilízase sempre un sufixo diminutivo ou talvez despectivo.

Se reparamos agora na táboa dos nomes galegos, axiña nos decatamos de que na nosa lingua tamén se orixinou un sistema similar que relaciona a denominación da especie grande e de aspecto robusto (*S. rusticola*), *arcea*, con denominacións parecidas para as especies máis cativas: *narcexa*, *arceúcha*, *arceolo* ou *arciocho*, que, paralelamente ao que acontece noutras linguas, tamén incorporan sufixos que poderíamos considerar diminutivos ou despectivos (a respecto de *narcexa*, que parece levar tamén un prefixo, falaremos máis polo miúdo na alínea seguinte).

En relación co obxecto principal deste artigo, ou sexa, a consideración de *\*becada* e *\*becacina* como claros castelanismos incorporados hai relativamente pouco tempo á lingua galega, á vista desta segunda táboa tamén chama a atención que, se estas denominacións fosen verdadeiramente galegas, en galego non teríamos un, teríamos dous sistemas de nomenclatura populares para estas especies como os que acabamos de describir. Isto é moi pouco probábel que acontecese no seo da lingua. Antes ben, xa nos fai sospeitar desde agora que un deles é xenuinamente galego e que o outro non se orixinou propiamente na lingua e debe tratarse dunha incorporación recente: un deles presenta moita variación (*arcea* / *narcexa*, *arceúcha*, *arceolo*, *arciocho*...), indicativa de que o sistema de nomenclatura leva moito máis tempo presente na lingua, e o outro está marcadamente asociado á actividade cinexética (*\*becada* / *\*becacina*), que sen dúbida facilitou a súa difusión.

### 3. ETIMOLOXÍA E MOTIVACIÓN SEMÁNTICA DOS NOMES GALEGOS E CASTELÁNS

No que atinxe ás denominacións galegas, do latín *ACCĒIA* deriva o nome *arcea* con que no galego-portugués e tamén no asturiano se designou *Scolopax rusticola*. A este respecto, no *Dicionario de dicionarios do galego medieval* coordinado por E. González Seoane (2006-2010) documéntase *arcea* como unha voz empregada xa na lingua galega medieval: “Iten *arceas* et poondos troquados...”.

Probabelmente *cea* —sinónimo con que se designa esta mesma especie— xurdiría por aférese, un fenómeno frecuente na lingua popular. Outros nomes galegos para *Scolopax rusticola*,

como *galiñola* e *pitarola*, están motivados polo seu parecido cunha pita; *pita das poulas* alude tamén a esta semellanza e fai referencia ademais ao particular hábitat onde a especie pode ser observada (na Limia, *poula*, alén de terreo abandonado ou con mato, ten tamén a connotación de boscoso). Por outro lado, *torda*, que vén do latín *TURDUS*, ‘tordo’, ou talvez directamente de *TURDA*, ‘femia do tordo’, debeu orixinarse por causa dalgún parecido —cor da plumaxe ou aspecto gordocho— con esoutros paxaros do xénero *Turdus*, os tordos.

Canto ás denominacións galegas para os xéneros *Gallinago* e *Lymnocyptes*, as construcións cos termos *cabra* e *berrón* poden aludir ao característico berro seco que *Gallinago gallinago* emite ao erguer o voo. *Cabra* —e nomeadamente *cabra louca*— pode estar relacionado tamén co típico voo da parada nupcial de *G. gallinago*, uns súbitos picados oblicuos que dan a impresión de que o paxaro “está tolo” ou “louco”. Os nomes *agacha* e *agacho* fan referencia ao costume que teñen estas aves de se agacharen e ficar quietas para que non as vexan. *Brañenta* refírese á braña, un dos hábitats característicos de *G. gallinago*.

*Aguaneta*, *agoneta* e similares teñen relación con auga ou auga, é dicir, novamente aluden ao seu hábitat acuático. Igualmente no *Dicionario de dicionarios do galego medieval* dirixido por E. González Seoane (2006-2010) documéntase *agoaneta* como unha voz empregada xa na lingua galega medieval: “Iten petos et pegas et *agoanetas* a quatro coroadas...”. Aínda que poderíamos pensar que a voz medieval tiña de evolucionar cara á forma *auganeta*, na realidade quedou practicamente fosilizada. Así, as voces mencionadas ao comezo deste parágrafo rexistráronse na nosa lingua hai relativamente pouco tempo: J. L. Couceiro Pérez recolleu *agoneta* no galego de Feás e A. Pérez Cid *auganeta* en Marín, segundo compila C. García González (1985); C. Pedreira López (1990), *auganeta* no concello de Ames; M. Conde Teira (1999) apunta ter rexistrado para *G. gallinago* a denominación *auganeta* e outra semellante, *aguana*, sen especificar a localidade. Polo contrario, só se achou *auganeta* nun texto: é utilizada por Álvaro Cunqueiro nunha obra sobre gastronomía, *A cociña galega* (1973), sen poder confirmar se se trataba verdadeiramente dunha forma rexistrada como tal ou da forma que ao escritor lle pareceu que debía ser a correcta.

As denominacións *narcexa*, *arceúcha*, *arceolo*, *arciocho* e similares son variacións do nome *arcea*, ao que se lle engade un sufixo diminutivo ou despectivo para designar estas especies relativamente semellantes a *Scolopax rusticola* —porén ás claras diferentes—, formando o eficaz sistema de nomenclatura popular ao que nos referimos na alínea 2. A denominación *narcexa* merece, no entanto, unha mención particular. Por un lado, a terminación *-exa* correspondente ao sufixo *-exo/exa*, indicador de tamaño pequeno ou mesmo cargado de certa connotación despectiva (como nos termos *lugarexo*, *animalexo* ou *trapexo*), designaría, como apuntabamos, unha especie ben máis pequena e visibelmente menos robusta que a *arcea*. Por outro lado, *narcexa* incorpora un ene inicial que pode ser unha simple corruptela ou variación de *arcexa*, mais tamén sería posíbel que a súa etimoloxía estivese relacionada co termo prerromano *NARA*, que significa ‘auga’. De feito, en Asturias existe o vocábulo *narcea* (que lle dá nome ao río Narcea), sobre cuxa orixe non hai dúbida de que, cando menos, está presente o prerromano *NARA*. O feito de que *NARA*, ‘auga’, orixinase a formación de *narcexa* a partir de *arcea* ou *arcexa* estaría en total correspondencia coa segunda característica popularmente ben coñecida que diferencia *Scolopax rusticola* das outras especies á que xa temos feito referencia: os seus hábitats. Así, unha *narcea* —termo que non se recolle en ningunha fonte con referencia á lingua galega— sería unha “arcea da auga” (*NARA*, ‘auga’ + *ACCÉIA*, ‘arcea’) e o nome *narcexa* estaría a reflectir a máxima precisión con que o sistema de nomenclatura popular chegou a comparar estas especies: ao mesmo tempo o termo indicaría que se refire a unha “arcea da auga” (nar-) e que é “máis pequena ou cativa” (-exa) que a propiamente *arcea*<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Non obstante, na nosa propia opinión, os escasos argumentos que apoian a influencia de *NARA* na formación de *narcexa* fai que esta consideración permaneza aberta a futuras revisións.

Por último, canto aos modificadores de \**becacina* que se empregaron para a estandarización dos nomes específicos galegos das especies máis pequenas, *real* é un cualificativo engadido ao nome xenérico de moitas aves que ás veces ten relación cunha certa beleza —unha forma vistosa ou as súas cores—, ás veces cunha certa maxestade no xeito de camiñaren, de voaren ou de se moveren en xeral (neste caso talvez polo maior tamaño ou pola vistosa plumaxe branca que ten no rabo *G. media*); *xorda* alude a que non fai ruído cando ergue o voo, unha das características que diferencia *L. minimus* de *G. gallinago*; *pequena* fai referencia ao seu tamaño e *común* indica que é das tres a especie que con máis frecuencia se observa na nosa xeografía.

No que atinxe ás denominacións castelás para a especie grande e robusta, *Scolopax rusticola*, F. Bernis Madrazo (1995) explica que a denominación *chocha* estaría referida en primeiro lugar a *G. gallinago*, pois o nome reproduce o chíó que esta especie emite cando voa espantada, e despois pasaría a designar *Scolopax rusticola*, que ten un aspecto similar á anterior. *Perdiz* (do nome *chocha perdiz*) pode facer referencia a algún parecido con estoutra especie, lembrala ou se cadra dar a impresión de ser como unha perdiz rara, con algunha característica particular. *Gallineta* estaría motivado polo seu parecido cunha pita (repárese no paralelismo coa denominación galega *galiñola* para esta mesma especie) e *picarúa*, tal como se recolle no *Diccionario de uso del español* de María Moliner (1998<sup>2</sup>), sería a denominación que recibe en Murcia (variación de *picaruda*), por causa do rechamante bico da especie.

Canto aos nomes casteláns para as outras tres especies, *agachadiza* e *agachona* son paralelos aos galegos *agacha* e *agacho*, farían referencia ao costume xa apuntado de se agacharen e ficar quedas. Para *rayuelo*, aínda que se recolle especificamente como sinónimo castelán de *agachadiza*, non se encontrou unha explicación clara. Os modificadores *real*, *común* e *chica* serían tamén paralelos aos galegos *real*, *común* e *pequena*.

Por último, as denominacións castelás obxecto deste artigo, *becada* e *becacina*, tomáronse dos nomes cataláns e franceses para estas especies (en catalán, como xa apuntamos, *becada* e *becadell*; en francés: *bécasse* e *bécassine*, respectivamente), que tiveron moito éxito entre os cazadores. Remontándonos na súa etimoloxía, tanto *becacina* como *becada* derivan do prerromano *BECCUS*, 'bico' (en catalán e en francés, *bec*) e fan referencia ao longo bico que teñen estas especies. Nas varias edicións dos dicionarios etimolóxicos da lingua castelá de que foi autor, J. Corominas Vigneaux recolle o nome *becada* e indica a súa procedencia da denominación catalá (curiosamente non recolle *becacina*, talvez por non a considerar aínda incorporada ao castelán). M. Conde Teira (1999) sinala a moi probábel relación do termo castelán *becacina* co termo francés *bécassine*, así como a relación da actividade cinexética coa popularización deste nome. De feito, o sistema *becada/becacina* castelán continúa marcadamente asociado a esta actividade: "coto de caza con becada y becacina", "ofrecemos la caza del faisán, becada y becacina" etc. son enunciados que ben facilmente se poden ler hoxe en día na Internet ou en revistas cinexéticas. No ámbito da ornitoloxía especializada, porén, na lingua castelá divulgáronse moito máis as denominacións *chocha perdiz* e *agachadiza*, esta última empregada para a estandarización dos nomes específicos das tres aves máis pequenas.

En relación co obxecto deste artigo, outro aspecto interesante é que se \**becacina* e \**becada* fosen voces patrimoniais galegas, é dicir, que evolucionasen desde o primeiro momento do prerromano *BECCUS* ao longo dos séculos consonte as leis da evolución fonética do galego, cabería esperar formas como *bicacina* e *bicada*, con "i", e non \**becacina* e \**becada* (do mesmo modo que todas as palabras que hoxe na nosa lingua teñen relación con bico: *bicar*, *biqueira*, *bicudo* ou tamén *bicada*, a comida que levan as aves no bico para alimentaren as crías). Por tanto xa podemos enxergar que, nun primeiro momento ou fase, o castelán tomou estas palabras do catalán e do francés e formou o sistema *becada/becacina* e que despois, nunha segunda fase, estas dúas

palabras iríanse introducindo na lingua galega a partir do castelán, nomeadamente por difusión entre o colectivo dos cazadores.

#### 4. O PROCESO DE INCORPORACIÓN DE \*BECACINA E \*BECADA Á LINGUA GALEGA

Se consultásemos varios dicionarios bilingües galego-castelán ou castelán-galego, por exemplo algúns publicados no período que vai de 1955 a 1985, a respecto dos termos *\*becacina* e *\*becada* atoparíamos información como a que anotamos a seguir. No *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de E. Rodríguez González (1958-1961), no seu apéndice, dáse para a voz castelá *becacina* a correspondente galega *narcexa*; para a voz castelá *becada*, as galegas *arcea* e *galiñola*. No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), aparece a voz castelá *becacina* identificada coa voz galega *narcexa* e a castelá *becada* identificada coas galegas *arcea* e *galiñola*. No *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo (1984), a voz castelá *agachadiza* correspóndese coa galega *marcexa*; a voz castelá *becacina*, identificada coa tamén castelá *chocha*, correspóndense nesta obra coas galegas *arcea*, *becafigo*, *papafigo* e *galiñola*. Na *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, de J. Crespo Pozo (1985), apúntase para o termo castelán *becacina* os termos galegos *aguaneta*, *cabra do aire* e *marcexa*; e para o termo castelán *becada*, *arcea*, *galiñola* e *galiña de auga*.

Vendo todos estes nomes, poderíamos ter algunhas dúbidas: se *marcexa* é unha corruptela de *narcexa*, un erro tipográfico, ou se verdadeiramente se rexistrou como tal nome (e se cadra, podería ter outra motivación semántica); se *becafigo* e *papafigo* non serán tamén castelanismos (J. Corominas Vigneaux recólleos como termos casteláns e en relación coa súa etimoloxía apunta o vocábulo italiano *beccafigo*) ou se *becafigo* non terá relación xa con *\*becacina* e *\*becada*; se a asignación dos nomes ás especies é correcta (en particular, *galiña de auga* en relación co castelán *becada*) etc. Achegar información ou argumentación ao respecto afástase do obxectivo deste artigo. Porén, si que nos podemos decatar de que en todas esas fontes *becacina* e *becada* están consideradas sempre palabras castelás, nunca se recollen como palabras galegas.

De modo similar, se procurásemos en toda a tradición lexicográfica galega (poderíamos facelo a través da rede grazas ao *Diccionario de dicionarios*, proxecto coordinado por A. Santamarina Fernández), desde Martín Sarmiento (1746), todo ao longo do século XIX e até finais do século XX, encontraríamnos cunha situación parecida. Advertiríamos algunhas confusións ou vacilacións na asignación dalgúns nomes, mais confirmaríamos o que estabamos vendo nas fontes anteriores: *\*becacina* e *\*becada* nunca se incluíron entre os termos propiamente galegos, ao contrario, recolléronse sempre como voces castelás para as que se daban as correspondentes en galego, ou eran as voces con que en lingua castelá se definían os termos galegos.

No entanto, a pesar de que no século XIX e durante case todo o século XX nos dicionarios e nos traballos lexicográficos nin *\*becada* nin *\*becacina* se consideraron vocábulos galegos, si que debían ser coñecidos e mesmo populares (ou estábanse facendo cada vez máis populares). A este respecto resulta ilustrativo que o escritor Álvaro Cunqueiro xa empregue n'*A cociña galega* (1973) tamén *becacina* para aclarar cal é o significado de *auganeta*: "Esto que vale para a perdiz, val tamén para a *arcea* e para a *auganeta*, a *becacina*...". Cunqueiro utiliza en primeiro lugar dúas voces galegas para *Scolopax rusticola* e *Gallinago gallinago*, *arcea* e *auganeta*, e logo a seguir engade *becacina*, consciente de que non todo o mundo vai coñecer facilmente o termo *auganeta*, hai que explicalo, e hai que explicalo cun termo que talvez non sexa "tan galego" e que coloca despois, en segundo lugar, e que porén é máis coñecido xa que o termo propiamente galego referido a esa mesma especie (e novamente atopamos *\*becacina* mencionada no ámbito da caza, máis exactamente no ámbito culinario relacionado coa caza).

Nesta mesma liña argumentativa, no ano 1983 M. C. Ríos Panisse compila no seu excelente traballo tamén a voz *becada*, rexistrada no galego de Bueu. Aínda que non chegou a confirmar que o termo se usase para *Scolopax rusticola*, foi a única voz que rexistrou que podía ter relación con esta especie (non recolleu *arcea*, nin *cea*, nin *galiñola* ou *pitarola*).

Estes indicios xa nos levan a pensar que *\*becada* e *\*becacina* eran coñecidas na década dos anos 70 e 80 e empregábanse na fala, e se cadra eran máis coñecidas que as voces propiamente galegas. Porén, a pregunta máis importante sería: cando comezaron a empregarse estas palabras, definitivamente, na lingua galega escrita? Cando, por primeira vez, se estableceu que *becada* ou *becacina* debían considerarse xenuinamente galegas?

Nos anos 1977 e 1978, no ámbito da ornitoxía especializada, formulouse unha primeira proposta para a estandarización de denominacións específicas para as aves galegas, a *Lista patrón de aves de Galicia*, da autoría de C. Pedreira López e X. M. Penas, que se publicou en dous números da revista *Braña*, boletín da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). Partiuse do acervo lingüístico galego coñecido até entón para designar as especies ou clases de paxaros, e ás veces foi preciso ben escoller un nome entre varios existentes para a mesma especie ou ben formular novos nomes, pois na lingua só existían denominacións xenéricas para nomear varias especies moi parecidas. No que fai referencia ás aves obxecto deste artigo, escolleuse o nome *arcea* para designar *Scolopax rusticola* e propuxéronse os nomes *becacina cabra*, *becacina real* e *becacina xorda* respectivamente para *G. gallinago*, *G. media* e *L. minimus*. Daquela, cando o colectivo dos ornitólogos escolleu *\*becacina* para a estandarización dos nomes galegos destas especies, non se tivo en conta a galegitude desta palabra nin toda a exposición que levamos feita neste artigo; simplemente era unha voz coñecida que pareceu máis xeitosa e máis popular que a chea de nomes propiamente galegos aplicábeis ás especies dos xéneros *Gallinago* e *Lymnocyptes* e igualmente válidos para esta formulación. Estas denominacións, xa a partir de entón consideradas galegas co nome xenérico *becacina*, divulgáronse despois nos traballos e publicacións da SGHN e tamén en tres guías de campo destes mesmos autores (publicadas en 1980, 1991 e 2004).

No ano 1991, M. Conde Teira e T. Vidal Figueroa presentaron o relatorio *Nomes galegos para as aves ibéricas: unha nova proposta* no primeiro congreso galego de ornitoxía. Nesta nova proposta modificáronse algúns nomes en relación aos propostos por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño, no entanto, para as tres anteditas especies mantívose *becacina* como nome xenérico para sinalalas no ámbito da ornitoxía especializada (reformuláronse como *becacina común*, *becacina real* e *becacina pequena*, respectivamente). Esta nova proposta foi adoptada pola Sociedade Galega de Ornitoxía e difundida nas súas publicacións, e tamén se recolleu con frecuencia en publicacións castelás onde se citan os nomes das aves noutras linguas do Estado español.

Na década dos anos 90 os dicionarios de galego —que neses anos comezaban a ser cada vez máis extensos e completos— incorporaron algúns dos nomes específicos que se formularan por primeira vez para a nosa lingua no contexto da ornitoxía especializada nalgunha das dúas propostas anteriores. Como subliña o autor deste artigo noutro traballo, *Os nomes galegos das aves* (2011), en xeral os equipos lexicográficos que elaboraron os dicionarios máis modernos non realizaron unha análise ou escolla rigorosa a respecto desas denominacións tan específicas para as aves, simplemente copiáronas. O caso concreto de *becada* e *becacina* debeu resultar un tanto particular, pola incongruencia de que *becacina* se considerase no ámbito da ornitoxía especializada palabra galega para nos referirmos a *G. gallinago* e no entanto non se considerase *becada* para nos referir a *S. rusticola*, cando ambas as dúas forman un sistema de nomenclatura que en castelán designa e diferencia eficazmente aves relativamente semellantes (como vimos na alínea 2, non se entende un nome sen a existencia do outro).



O resultado foi que, a partir dos anos 90, nos dicionarios de galego recóllense consideracións ben diversas a respecto de *becada* e *becacina*. Velaquí algúns exemplos, ordenados cronoloxicamente:

- No *Dicionário da língua galega* da editorial Sotelo Blanco (1995) inclúese, entre outras, a entrada *becacina* para se referir ao grupo de especies pequenas, dando a denominación específica de *becacina-cabra* para *G. gallinago*, *becacina-xorda* para *L. minimus* e *becacina-real* para *G. media*. Para *Scolopax rusticola*, *torda* defínese como *arcea*, *becada*, aínda que despois non se achega unha entrada propia para *becada*. Consideraríamos entón, segundo esta obra, que tanto *becacina* como *becada* son palabras galegas.
- O *Diccionario de sinónimos da lingua galega* da editorial Galaxia (1997) recolle, entre moitas outras denominacións, *abecacina* e *becacina cabra* como sinónimos para *G. gallinago*; tamén *becacina xorda* como voz para *L. minimus*. Para *S. rusticola* apunta *arcea*, *becada*, *cea*, *galiñola*, *narcexa* e *torda* como sinónimos. Por tanto, novamente, poderíamos considerar *becacina* e *becada* voces galegas.
- No *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) non se recollen nin *becada* nin *becacina*.
- No *Gran diccionario Xerais da lingua galega* (2000), recóllense, entre outras, as voces xenéricas *avecacina* e *becacina* para se referir ao grupo de especies pequenas (a primeira como propiamente galega mais non estándar e a segunda como estándar); ademais, especifica a denominación *becacina común* para *G. gallinago*. Noutras entradas, que se abren con outros nomes referidos a este grupo de especies, remite a *becacina*. A respecto de *S. rusticola*, inclúe, entre outras entradas, *cea*, onde dá como sinónimos, entre outros, *becada* (mais ao buscarmos a súa propia entrada rexéitase esta voz, *becada*, por non a considerar galega). Por tanto, se consultamos esta obra consideraremos *becacina* como termo galego e a respecto de *becada* teremos unha opinión diferente segundo a entrada en que nos informemos.
- No *Gran diccionario Cumio da lingua galega* (2004) recóllese *becada* como voz propiamente galega (con entrada propia que remite a *arcea*) e non se recolle *becacina*.
- No *Vocabulario ortográfico da lingua galega* da Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2004) non se incluíron nin *becada* nin *becacina*.
- O *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* (2004) dá *galiñola* como voz galega para a castelá *becada*; e *becacina*, entre outras, como galega para a castelá *agachadiza*. Foi a primeira vez que esta autoridade lingüística considerou unha das dúas palabras, *becacina*, como propiamente galega.
- No *Novo diccionario da lingua galega* de edicións Obradoiro / Santillana (2005) non se inclúe nin *becada* nin *becacina*.

## 5. CONCLUSIÓN

\**Becacina* e \**becada* non se recolleron nunca na tradición lexicográfica galega ao longo de século XIX nin durante practicamente todo o século XX como termos galegos. Só a partir da década dos anos 90 do século pasado, comezan a incluírse nos nosos dicionarios como palabras propiamente galegas. Neste salto temporal, como acabamos de ver, ambos os termos fóronse introducindo na fala procedentes do castelán, nomeadamente en relación coa actividade cinexética. Para alén de que \**becada* e \**becacina* fosen vocábulos cada vez máis coñecidos, para a súa inclusión nos dicionarios tamén influíu que \**becacina* se propuxese para a estandarización dos nomes galegos específicos das aves realizada polos colectivos ornitolóxicos e a posterior divulgación destes nomes en publicacións especializadas en ornitología.

Na lingua galega temos unha chea de nomes ben propios para designarmos estas aves, que se formaron no seo da lingua ao longo dos séculos. Se os coñecemos e os temos en conta, decatámonos de que *\*becada* e *\*becacina* son castellanismos totalmente innecesarios, e mesmo indesexábeis desde o momento en que a súa incorporación e divulgación (moi favorecida polo castelán) vai en detrimento das voces patrimoniais galegas, que van sendo cada vez máis descoñecidas.

Á vista de todo o antedito, pensamos que no futuro *\*becada* e *\*becacina* deberían ser considerados evidentes castellanismos e revitalizarse as formas propiamente galegas para denominarmos as especies do xénero *Scolopax* e dos xéneros *Gallinago* e *Lymnocyptes*.

Nesta mesma liña, no ámbito da ornitoloxía especializada debería reformularse o sistema de nomenclatura para as tres especies dos xéneros *Gallinago* e *Lymnocyptes*, para as que se podería utilizar un nome curto —*agacha*, *arceolo* ou *narcexa*, por exemplo—, engadindo logo a seguir os mesmos modificadores que xa se empregan hoxe para a designación específica. Se se quixese utilizar o sistema de nomenclatura comparativo a que fixemos referencia, a escolloa sería entre *arceolo* e *narcexa* (*arciocho* e *arceúcha* teñen unha connotación talvez máis despectiva) manténdose *arcea* para *S. rusticola*. Neste caso, na nosa opinión é *narcexa* a denominación máis interesante, pois mantén a harmonía coas denominacións portuguesas empregadas na ornitoloxía especializada para as tres especies máis pequenas. Así, o sistema de nomenclatura en galego neste ámbito podería ser: *arcea* para *S. rusticola*, e *narcexa común*, *narcexa real* e *narcexa pequena* respectivamente para *G. gallinago*, *G. media* e *L. minimus*. A outra opción para este sistema de nomenclatura comparativo podía ser *arcea/arceolo*, é dicir: igualmente *arcea* para *S. rusticola*, e *arceolo común*, *arceolo real* e *arceolo pequeno* para as outras tres especies. Sexa como for, o máis importante sería o rexeitamento do sistema *\*becada*/*\*becacina*, que é propio do castelán.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Almeida Costa, Joaquim *et al.* (2004): *Gran dicionário da língua portuguesa*. Porto: Porto Editora.
- Alonso Estravís, Isaac (1995): *Dicionário Sotelo Blanco da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Bernis Madrazo, Francisco (1995): *Diccionario de nombres vernáculos de aves*. Madrid: Gredos.
- Carballeira Anllo, Xosé María *et al.* (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Carballeira Anllo, Xosé María *et al.* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*, 2 vols. Vigo: Xerais.
- Cerradelo Gómez, Silverio [2011]: “Os nomes galegos das aves”, *Chioglossa* 4 (no prelo).
- Conde Teira, Miguel (1999): “Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada”, *Chioglossa* 1, 121-138.
- Conde Teira, Miguel / Tiago Vidal Figueroa (1991): “Nomes galegos para as aves ibéricas”, en A. Fernández-Cordeiro e J. Domínguez (eds.), *Actas do primeiro congreso galego de ornitoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 249-268.
- Corominas Vigneaux, Joan (1976<sup>3</sup>): *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*, 4 vols. Madrid: Gredos.
- Corominas Vigneaux, Joan / José Antonio Pascual Rodríguez (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.
- Crespo Pozo, José Santiago (1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, 4 vols. A Coruña: Do Castro.
- Domínguez Dono, Xesús / Ana Fachal Fraguela (1993): “A fauna en Cunqueiro. As aves”, *Cadernos de lingua* 8, 67-80.
- Franco Grande, Xosé Luís (1981): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia.
- Freixedo Tabarés, Xosé María / Fe Álvarez Carracedo (1985): *Diccionario de usos castellano/gallego*. Madrid: Akal.
- García González, Constantino (1985): *Glosario das voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (anexo 27 de Verba).
- González Seoane, Ernesto (coord.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo (2006-

- 2010): *Diccionario de diccionarios do galego medieval* (<http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html>).
- Matias, Rafael *et al.* (2007): "Lista sistemática das aves de Portugal Continental", *Anuário Ornitológico* 5, 74-132.
- Moliner Ruiz, María (1998<sup>2</sup>): *Diccionario de uso del español*, 2 vols. Madrid: Gredos.
- Noia Campos, María Camiño *et al.* (1997): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Pedreira López, Carlos *et al.* (1990): "Nomenclatura das aves do concello de Ames", *Verba* 17, 117-144.
- Pedreira López, Carlos / José Manuel Penas Patiño (1977): "Lista patrón de aves de Galicia I", *Braña* 1/2, 131-144.
- Pedreira López, Carlos / José Manuel Penas Patiño (1978): "Lista patrón de aves de Galicia II", *Braña* 2, 25-38.
- Pena Romay, Xosé Antonio *et al.* (2004): *Gran diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Do Cumio.
- Penas Patiño, Xosé Manuel / Carlos Pedreira López / Carlos Rodríguez Silvar (1980): *Guía das aves de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Penas Patiño, Xosé Manuel / Carlos Pedreira López / Carlos Rodríguez Silvar (1991): *Guía das aves de Galicia*. A Coruña: Baía.
- Penas Patiño, Xosé Manuel / Carlos Pedreira López / Carlos Rodríguez Silvar (2004): *Guía das aves de Galicia*. A Coruña: Baía.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Real Academia Galega (2004): *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Ríos Panisse, María do Carme (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II Mamíferos, aves y algas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (anexo 19 de Verba).
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Santamarina Fernández, Antón L. (coord.) (2006-2010): *Diccionario de diccionarios* (<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>).
- Xove Ferreiro, Xosé *et al.* (2005): *Novo diccionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Obradoiro / Santillana.